O debate sobre o que é beleza na arte en xeral, e na escultura en particular; isto é, o rol que cumpre a beleza nunha obra artística segue vivo en plena actualidade. Formas puras e belas (estética kantiana) fronte a fondo ou mensaxe (estética hegeliana). Pero se mantemos que o posmodernismo carece en si dun discurso lexitimador, todas as tendencias serían posibles e válidas, e a beleza pode atoparse mesmo no grotesco ou no repulsivo. Ou non atoparse en ningures: *eppure* ser arte.

Dous son os grandes teóricos de mediados do século XX, que defenden tendencias enfrontadas. Para Clement Greenberg (*A pintura moderna e outros ensaios*), defensor do formalismo e da abstracción pictórica, o que importa é a técnica e a beleza formal dunha obra, máis alá de mensaxes políticas ou sociais. Nesta concepción estética, propia do modernismo burgués, a beleza é sinónimo de excelencia artística, e algo definitorio e consubstancial para a obra.

Pero de seguirmos as teorías doutro enorme teórico do poshistoricismo, Arthur Danto (*O final da arte* ou *O abuso da beleza*), o que interesa na obra de arte é o contido. A beleza na arte non é preceptiva nin obrigatoria. O relevante é o significado, e pensarmos a obra en termos de beleza sería unha especie de traizón. Que fai que un obxecto sexa artístico ou non? A resposta non estaría na Historia da Arte senón na Socioloxía: un obxecto é arte se así o decide a comunidade de artistas, críticos, historiadores, marchantes, conservadores, curatores...

O Che Tembra é herdeiro das innovacións neste eido de principios do s. XX, cando a escultura decimonónica –a partir do gonzo entre pasado e futuro que supoñen Auguste Rodin e Adolf Hildebrand– rompe coa lóxica burguesa da monumentalidade e da narración clasicista e experimenta unha radical transformación conceptual e formal que a afasta do *canon* formal vixente durante milenios. Unha revolución que viría, sabémolo, da man dos

Eme Cartea

pintores de entre séculos –escultores de ocasión–, que impoñen novas maneiras de facer, ver e sentir a escultura. "A deshumanización na arte", da que nos fala Ortega y Gasset.

Unha refundación xa anunciada por Charles Baudelaire ("Por que é aburrida a escultura?") , e que se basea na aparición de novos materiais procedentes da industria e da siderurxia (aceiro, ferro, aluminio, plástico...), novos procedementos e técnicas (carpintería, forxa, laminación, ensamblaxe, soldadura...), novos estilos, temas e formas (máis ou menos autorreferenciais) nos que o espazo e o baleiro serán parte primordial. En España, tres exemplos canónicos: Julio González, Jorge Oteiza e Chillida.

A obra do Che Tembra nace na forxa artesanal que manexa con precisión e oficio milenario (pensemos na escena do Canto XVIII da Ilíada na que Hefesto, o ferreiro dos deuses, labra para Aquiles o seu abraiante escudo). O ferro como chatarra e material de refugallo do que se apropia e reutiliza unha vez tratado na zafra a golpe de músculo, calor e sabenza, e que vai conservar as pegadas e o son do martelo. Fragmentos de ferro, láminas, pranchas, barras e arame van conformando as obras. Medir, recortar, pregar, ensamblar, soldar, oxidar, limar...construír. Porque as súas esculturas non nacen da talla nin do modelado, senón dun proceso construtivo que se vai facendo de acordo cun proxecto ou esbozo previo, e que van gañando relevo e perspectiva.

A escultura do Che ten influencias do construtivismo, do cubismo, do dadaísmo, do minimalismo e da *arte povera*. E encaixa plenamente na concepción posmoderna defendida por Danto. A súa narración é vagamente figurativa mais non realista; arte cun contido e cunha mensaxe recoñecibles, do pasado e mais do presente. Esculturas non exentas, esculturas-cadros para colgar, de tamaño pequeno ou medio; caricaturas ou baixorrelevos minimalistas que converten o noso escultor nun pintor de lenzos en ferro transformado e coloreado por medio de vernices (os menos) e unha riquísima oxidación, que fai dos distintos graos da ferruxe as veces de cor: unha técnica que o Che practica e segue a perfeccionar en cada obra, ata o punto de constituír un dos seus grandes recursos e que, por certo, preserva con celo.

Unha obra que é, ao mesmo tempo, reflexión estética acerca das relacións

entre os recursos da materialidade do ferro, a obra acabada e o propio proceso de creación, que sempre ten algo de azar. Por ela aprópiase da realidade inmediata e dilúe as fronteiras entre a vida, o lixo e a arte. E nunha linguaxe figurativa pero sintética e esencial, vai amosándonos retratos, costumes, feitos políticos, sociais, relixiosos, da actualidade e da tradición, que conforman a nosa máis pura idiosincrasia social.

Na súa obra son evidentes dúas tendencias: a da estilización e a da acumulación. A primeira, emparentada coa caricatura, na que prima a intuición, a liña e o baleiro; a segunda, procede da técnica da ensamblaxe de elementos laminados, sen significación cultural, na que os volumes se aplanan a modo de baixorrelevo pero que crean formas e relevos.

Un artista, o Che, fascinado pola obra gráfica e o exemplo de Seoane, Arturo Souto e, sobre todo, de Castelao, para quen "a caricatura non consiste en esaxerar os trazos senón en facer selección dos esencialmente expresivos e estudar a fondo o modelo real" na que a figura é unha abreviatura do debuxo pola súa sinxeleza expresiva e a supresión do auxiliar e accesorio. A verdade esencial como obxectivo de acordo co principio escolástico de que "Verdade, Ben e Beleza son convertibles". A ética máis cá estética. Unha representación gráfica na que as personaxes (homes, mulleres nenos, animais, caciques, burgueses...) dialogan ou reflexionan, lanzan preguntas e queixas ou ben dan consellos. Simbiose de imaxe e texto que interaccionan simbolicamente nos planos do expresivo e intuitivo, do real e humorístico.

Obra de trazos precisos que renegan da anatomía a prol da fisionomía. E sempre na procura da solidariedade intelixente do espectador coas vítimas do poder e da inxustiza política, relixiosa e caciquil. Unha chamada á conciencia solidaria a través do humor. O humorismo como ideoloxía e humanismo, que defendía o propio Castelao, na liña que Horacio nos ensinou: *Prodesse et delectare* (aprender cun sorriso nos beizos).

A súa temática forxa un retrato de tipoloxías e situacións recollidas de libros, xornais e revistas, da tele e da vida, que abarca os asuntos máis varios da literatura, da arte, da relixión, do folclore, da política..., que nos falan de cousas

da vida cotiá (e de sempre): inxustizas, miserias, censura, represión, caciquismo, emigración... ou tradicións culturais, como un velorio ou unha romaría, todas escenas recoñecibles que o Che rescata da historia ou da súa contorna vital. Máis ca individuos son prototipos de clase social opostos e confrontados. Obras que, transformando a fealdade do material utilizado en verdade e beleza artística, deslizan unha invitación á reflexión fecunda e moralizadora nun intre en que a sociedade reclama o dereito á dignidade persoal, social, política e cultural, ultimamente menoscabadas. Unha arte con vontade de sanación dos defectos morais e sociais. Un tratado de ética humanista.

Porque dicir Che Tembra é dicir compromiso coa arte e a vida, e, sobre todo, espírito crítico e rebelde. Unha rebeldía que, como artista, sublima en denuncia e testemuño de inconformismo persoal e artístico. Posmoderno, si, pero non derrotista. Arte de concentración e elegancia, de sorrisos sabios máis ca de risos desfreados. Unha arte que recolle o concepto romántico do sublime máis ca o da beleza: a beleza como deleitación e concepto, na liña das correntes antiestéticas que percorren o s. XX, dende o dadaísmo á actualidade.

Un relevo de Che Tembra é pois esa comedia ou drama ou traxedia que podemos ler nunha ollada, unha metáfora austera, concisa e funcional que nos fala tanto á intelixencia coma ao corazón. Arte popular na significación, minimalismo na expresión, *arte povera* na materialización, hipérbole na formulación. Todo en clave de humor e retranca (filla maior da ironía), ao servizo da sátira e a denuncia social. E, en definitiva, a obra como distanciamento ou "katharsis" terapéutica que pretende, como nos esixe Joseph Beuys, "transformar a concienciación do espectador" a fin de reconstruír un imaxinario social galego en transformación e esmorecemento.

As súas esculturas están inspiradas no Castelao escritor e artista, sobre todo de *Galicia Mártir*, *Atila en Galicia*, *Cousas da vida*, *Milicianos* e *Album Nós*. En Luís Seoane debuxante e pintor (*Trece estampas da traizón*). No Arturo Souto dos *Debuxos da guerra*, debuxante e pintor. En personaxes históricos, da tradición e de hoxe en día. En costumes de hoxe e de sempre. Na lingua. Na República...

OBRAS

A CONSULTA

A DAS NOVAS

Castelao por Castelao

A rebotica

Aldeán

Denantes mortos que escravos

A derradeira lección do mestre

Matáronlle un fillo

Atila en Galiza

Esta door non se cura con resiñación

Fusilado

Liberdade

O italiano

Non lle poñades chatas...

Pra que ergan o puño

Muxindo

O bailador

Manoel Antonio

O Barbeiro Municipal

O navegante

Pois eu dígoche

Opinión

Mariñeiro

Sant-Iago

Testa xacente de Valle-Inclán

Quen-o diría

Asasinato con tricornio

Impuxeron o Cristo na escola

Rafael Dieste

O amigo entrañábel dos mouros

O mulo que mola

Romaría de San Ramón

Escena da guerra

O que fixo a guerra

Violación

Expulsión do templo

LOITANDO POLA LINGUA

Rianxeira

Cristo fala galego

Barbantia

O HOME DA ZANFONA

LABORDETA

PABLO IGLESIAS

Anunciación

Xirimbao

O tear

Os falanxistas

Atila en Galicia

Bóveda

Caricatura de Castelao

Castelao

Caricatura de Daniel

Castelao por Castelao

Castelao

Fernández Mato

Fernández Latorre

Consello

Lembrando

Mamando

O esquelete

O antergo

Muller con senlla

Por que choras meniña?

O listo

Os apóstoles

Teremos que revoltar a fóra

A da senlla

CONQUISTADO EN TERRA DE CONQUISTADORES

O DUQUE

CRIMINAL

O PRESO



A deputada Fabra

A lagarteira

Desperta do teu sono

A foliada

Os nosos músicos de antergo

Do revés

Don Manuel

Don Quixote e Sancho

O gaiteiro de Soutelo

FARTURA

MONARQUÍA

GAITEIRO

O PROGRESO

O cura de Fruíme

O demo fala galego

Os merliños

Faustino Rey Romero por Comoxo

O empurado

Roubáronnola

Prelado

Casteláns de Castela

Valle-Inclán sedente

Valle na Pobra

Saltona

Poeta do teatro

Vidal Bolaño